



Resolución de 15 de maio de 2020 do Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria pola que se acorda manter aberto o prazo de presentación de solicitudes previsto na Resolución do 16 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento MR362A)

De conformidade co disposto na disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, ante a suspensión dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, procede manter aberto o prazo previsto na Resolución do 16 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento MR362A).

En consecuencia, o prazo de presentación de solicitudes que finalizaba o día 15 de maio de 2020, debe permanecer aberto en tanto non finalice a suspensión de prazos administrativos prevista no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, en concreto ata as 00:00 horas del día 26 de maio de 2020.

De existir prórrogas sucesivas do estado de alarma, esterase ao disposto nas mesmas.

O director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria

Manuel Rodríguez Vázquez

